

LE AS PREGUNTAS E MARCA A RESPOSTA CORRECTA:

1. España ten fronteira terrestre con ...

A. dous países: Portugal e Francia.

B. tres países.

C. catro países.

2. A lei que organiza politicamente o Estado español é ...

A. O Estatuto de autonomía.

B. a Constitución española de 1978.

C. as Cortes Xerais.

3. O territorio español organízase, de maior a menor, en ...

A. Comunidades Autónomas – provincias – municipios.

B. municipios – provincias – Comunidades Autónomas.

C. Comunidades Autónomas – municipios – provincias.

4. Para a Constitución española, a soberanía popular represéntaa:

A. o Congreso dos Deputados.

B. o Goberno.

C. as Cortes Xerais.

5. A institución que goberna os municipios denomínase ...

A. Deputación Provincial.

B. Exército.

C. Concello.

6. Un requisito imprescindible para que un país entre na UE é ...

A. que o seu territorio estea totalmente en Europa.

B. que sexa un Estado democrático.

C. que teña un alto nivel de riqueza.

7. España é membro da UE desde o ano ...

A. 1986.

B. 1958.

C. 1988.

8. A institución que dirixe a Administración europea é ...

A. o Parlamento Europeo xunto co Consello da Unión.

B. o Tribunal de Contas.

C. a Comisión Europea.

9. O euro é ...

A. a moeda dos 28 países membros da UE.

B. a moeda de 19 países membros da UE.

C. nos países candidatos.

10. A lexislación da Unión Europea é de obrigado cumprimento ...

A. nos Estados membros.

B. nas rexións.

C. nos países candidatos.

11. A poboación adulta é ...

A. a que ten 65 ou máis anos.

B. a que é menor de 16 anos.

C. a que ten entre 16 e 65 anos.

12. Un feito demográfico que aumenta a poboación é ...

A. a emigración.

B. a inmigración.

C. a mortalidade.

13. A causa do envellecemento da poboación europea e española é ...

A. a baixa natalidade.

B. o aumento da idade que se espera que vivan os seus habitantes.

C. as dúas son certas.

14. A densidade da poboación é ...

A. maior en España ca en Europa.

B. menor en España ca en Europa.

C. igual en España e en Europa.

15. A maioría da poboación española é urbana porque ...

A. vive en vilas e cidades.

B. vive en aldeas.

C. vive no interior.

16. O sector produtivo que transforma materias primas é ...

A. o sector servizos.

B. o sector terciario.

C. o sector secundario.

17. O sector en que traballa máis poboación na UE e en España é ...

A. a construción en España e a industria na UE.

B. o sector servizos ou terciario.

C. a agricultura moi mecanizada.

18. Un exemplo de industria de bens de equipo é ...

A. a industria da maquinaria.

B. a industria química.

C. a industria alimentaria.

19. A actividade terciaria que máis emprego xera en España é ...

A. o transporte.

B. o comercio.

C. o turismo.

20. A actividade que proporciona materia prima para facer guantes de la é ...

A. a agricultura.

B. a industria téxtil.

C. a gandaría ovina.